



# R ofrece a mellor experiencia en Internet fixo de España con MasOrange

- *O último estudo realizado pola prestixiosa consultora nPerf salienta a extraordinaria calidade e fiabilidade da súa rede fixa.*
- *R e o resto de marcas do grupo consolidan o seu liderado no servizo de Internet fixo con mellor rendemento global en España por segundo ano consecutivo.*
- *Os/as clientes/as de R gozan da mellor experiencia WiFi para usos avanzados, como xogos en liña, videochamadas ou aplicacións en tempo real.*
- *R é en Galicia a opción preferida por fogares e negocios e o operador con maior cobertura de banda larga fixa por fibra óptica de última xeración da comunidade.*

**Xoves, 30 de abril de 2026.-** R, o operador líder do mercado galego, ocupa, xunto co resto de marcas do grupo MasOrange, a **primeira posición no último estudo realizado por nPerf sobre as conexións fixas** que ofrecen distintos provedores do mercado español. A compañía obtivo a mellor puntuación global grazas, sobre todo, aos seus magníficos rexistros en **latencia, navegación e streaming de vídeo.**

Ademais, os/as clientes/as de R gozan do **mellor rendemento WiFi coa menor latencia** (resposta de conexión inmediata), o que repercute directamente na experiencia de uso diaria.

Deste xeito, R consolida, con MasOrange, o seu liderado no servizo de **Internet fixo con mellor rendemento global en España** por segundo ano consecutivo, ao acadar agora 135.819 puntos; unha continuidade que é reflexo da **fiabilidade da súa rede.**

O seu **liderado en latencia** (ms) apóiase nun resultado de 20,26 ms, indicador clave para usos avanzados, como **xogos en liña, videochamadas e aplicacións en tempo real.** Ademais, ocupa a primeira posición global en **navegación web** (%) con **77,92** e logra por primeira vez o **liderado en streaming de YouTube** (%) con **84,63**, un novo fito que reforza o seu perfil de rendemento equilibrado e completo.

Os mellores resultados de rendemento de Internet fixo en España para o período 2025-26 confirman un escenario moi competitivo entre os catro principais operadores do país. O último barómetro de nPerf pon de manifesto mudanzas importantes no *ranking*, con **MasOrange consolidando o seu liderado global.**

Máis info aquí: <https://blog.mundo-r.com/r-mellor-experiencia-internet-galicia-2026>

Estudo completo aquí: [nPerf](#)



Segundo **Alfredo Ramos, director de R e territorial de MasOrange en Galicia**, *“este recoñecemento do grupo nPerf á nosa rede fixa por segundo ano consecutivo demostra a solidez e fiabilidade da nosa infraestrutura e o esforzo continuo por lles ofrecer a mellor experiencia posible nos usos máis esixentes aos nosos/as clientes e clientas, dende o traballo en tempo real ata o entretemento dixital. Todo iso é froito dunha aposta permanente pola calidade e o investimento que, de novo, nos sitúa por riba da competencia”*.

De feito, **R** é en Galicia a opción preferida por fogares e negocios, e o operador con maior cobertura de banda larga da comunidade. A súa **rede de fibra óptica de última xeración chega a máis de 1,7 millóns de fogares** nos 313 municipios galegos, onde pode gozar da súa alta velocidade case que a totalidade da poboación.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)